

REGULAMENTO DE ASOCIACIÓNS DE ESTUDANTES

**(Aprobado na sesión do Consello de Goberno de 19 de decembro de 2005 e
modificado na sesión do 26 de novembro de 2009)**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Universidade da Coruña, de acordo co artigo 22 da Constitución, que recoñece o dereito fundamental de asociación, coa Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, coa Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e segundo o establecido nos seus propios Estatutos, declara o dereito dos estudantes a se asociaren libremente no ámbito universitario, polo que mediante esta regulamentación se pretende fomentar e regular este principio fundamental da vida universitaria. Para tal fin, ao ser o asociacionismo estudantil unha realidade consolidada na Universidade da Coruña e cun auxe cada vez maior, estímase conveniente dotar esta situación dunha resposta normativa que a regularice.

O presente Regulamento de asociacións de estudantes estrutúrase en atención a tres liñas directrices. En primeiro lugar, pártese dunha premisa xurídica fundamental que condiciona todo o contido: a consideración constitucional do dereito de asociación como un dereito fundamental. Esta natureza determina unha regulación pormenorizada e flexible pero, ao mesmo tempo, sistemática e práctica, que facilite o dinamismo e o influxo positivo que as asociacións de estudantes imprimen á comunidade universitaria. Non en van, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, na súa exposición de motivos, así como o Ditame do 28 de xaneiro de 1998 do Comité Económico e Social da Unión Europea, destacan a importancia innegable que teñen as asociacións para a conservación da democracia e o fortalecemento das estruturas e das institucións sociais.

A segunda liña directriz que inspira o presente regulamento é a súa referencia específica ás Asociacións de Estudantes que, legalmente constituídas e sen ánimo de lucro, teñan entre os seus fins o desenvolvemento de actividades complementarias á formación académica, cívica ou humanística. Fóra do campo de aplicación desta normativa quedarán, en consecuencia, os grupos ou colectivos de estudantes constituídos coa finalidade única e exclusiva de canalizaren a participación e a representación nos órganos universitarios como Xuntas de Centro, Consellos de Departamento, Consello de Goberno e Claustro, ou outros órganos colexiados de coordinación e de desenvolvemento da actividade estudantil. Da mesma maneira, non se teñen en consideración neste regulamento as asociacións estudantís fundadas con ánimo de lucro nin as conformadas por antigos alumnos ou aquelas que non estean maioritariamente compostas por estudantes.

Por último, determínanse os beneficios de que se poden aproveitar as asociacións de estudantes, fundamentalmente a concesión de axudas ou de subvencións e a facultade de utilización de espazos ou locais de titularidade pública, vinculándoos ao cumprimento de certos requisitos e establecendo os necesarios mecanismos de control e de esixencia de responsabilidades en caso de incumprimentos inxustificadas ou de danos á Universidade. Nesta liña, preténdense regular as subvencións que as Asociacións de Estudantes reciben da Universidade, a través da súa Vicerreitoría de Estudantes, para actividades distintas da

representación estudantil. Estas axudas deben servir de estímulo e primar as actividades que se desenvolven en función do interese dos proxectos específicos que se presentaren.

Por todo o exposto, a Universidade da Coruña, no marco da súa autonomía normativa e a través do seu Consello de Goberno, vén de aprobar o presente regulamento que servirá de medio para canalizar a creación, o desenvolvemento e a promoción das Asociacións de Estudantes no seo da Universidade, as cales gozarán de plena autonomía funcional e económica, sempre dentro do respecto ao ordenamento xurídico e ás normas que lle son propias á nosa institución. Como parte troncal integrante do Regulamento, e baixo o seu abeiro, créase o Rexistro de Asociacións de Estudantes da Universidade da Coruña (RAE-UDC) e dítanse as normas que lle serán de aplicación.

CAPÍTULO I

CONDICIÓNS XERAIS PARA O RECOÑECEMENTO DAS ASOCIACIÓNS DE ESTUDANTES DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Artigo 1.

Serán consideradas Asociacións de Estudantes da Universidade da Coruña e como tales, poderán solicitar o seu recoñecemento, todas aquelas asociacións que se constitúan validamente conforme as disposicións legais vixentes en materia asociativa e ao presente regulamento e que, respectando os principios de participación e de representación democráticas, teñan como fins a educación superior, a promoción da cultura e do deporte, a defensa de bens culturais e universitarios, a participación na vida orgánica da Universidade, o desenvolvemento científico, cultural ou artístico, a preparación para o exercicio de actividades profesionais ou outros análogos, que desenvolvan as súas actividades desde o ámbito da Universidade da Coruña con pleno respecto ao ordenamento xurídico.

Artigo 2.

Quedan excluídos do campo de aplicación desta normativa aqueles grupos ou colectivos de estudantes que foron creados coa finalidade única e exclusiva de canalizaren a participación e a representación nos diferentes órganos de goberno da Universidade. Da mesma maneira, non se teñen en consideración neste regulamento as asociacións estudantís fundadas con ánimo de lucro nin as conformadas por antigos alumnos ou as que non estiveren constituídas maioritariamente por estudantes.

Artigo 3.

As Asociacións de Estudantes da Universidade da Coruña terán que se rexer polos seus propios Estatutos, os cales, en todo caso, deben adecuarse tanto aos preceptos legais que lles foren de aplicación, como á Normativa que lle é propia á Universidade da Coruña e que se recolle no presente regulamento.

Artigo 4.

Os fins e as actuacións das Asociacións de Estudantes da Universidade da Coruña deberán desenvolverse nun clima de liberdade, de democracia e de autonomía funcional, e estas deberán respectar, no exercicio das súas actividades os dereitos fundamentais do resto dos membros integrantes da comunidade universitaria, e favorecer o pleno desenvolvemento académico, persoal e intelectual do alumnado no seu conxunto.

Artigo 5.

As Asociacións de Estudantes da Universidade da Coruña deberán contar, polo menos, con 3 socios, ademais dos membros da Xunta Directiva. Segundo o establecido no artigo 63 dos

Estatutos, e para os efectos do presente regulamento, son estudantes da Universidade da Coruña todos os estudantes matriculados en calquera das materias e das disciplinas que figuraren nos planos de estudo das diferentes titulacións e programas que se imparten en calquera dos seus centros ou departamentos propios, incluídos os matriculados en proxectos de Fin de Carreira e nos programas de doutoramento, así como os que estean a realizar a súa tese de doutoramento e exista constancia documental deste feito no departamento correspondente, sempre que, en todo caso, estean en pleno uso dos seus dereitos académicos. Entre os membros das xuntas directivas deberá haber estudantes da Universidade da Coruña.

CAPÍTULO II

PROCEDEMENTO PARA O RECOÑECIMENTO COMO ASOCIACIÓNS DE ESTUDANTES DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Artigo 6.

Para a consideración dunha asociación como Asociación de Estudantes da Universidade da Coruña será requisito imprescindible a súa constitución previa conforme as disposicións legais vixentes en materia asociativa, que se materializarán xuridicamente mediante unha *Acta Fundacional*, nun documento público ou privado, en que consten, de maneira inequívoca, os seguintes aspectos:

- a) Nome e apelidos dos promotores ou dos socios fundadores da Asociación, a nacionalidade, o enderezo e a vinculación á Universidade da Coruña como alumno/a, segundo o que dispón o artigo 5 do presente regulamento.
- b) A declaración da vontade de todos os seus membros fundadores con capacidade de obrar, de querer servir sen ánimo de lucro á promoción da educación superior, ao desenvolvemento do coñecemento científico, cultural, artístico ou deportivo da Universidade ou, mais non exclusivamente, á defensa dos dereitos e dos intereses dos alumnos.
- c) Os Estatutos aprobados que rexerán o funcionamento da Asociación, cuxo contido se axustará ás prescricións do artigo 8.
- d) Lugar e data da súa constitución, e sinatura dos promotores.
- e) Designación dos integrantes dos órganos provisionais de goberno.

Artigo 7.

Os Estatutos constitúen a norma fundamental que rexerá a vida das Asociacións de Estudantes da Universidade da Coruña, e estes deberán conter, polo menos, os seguintes extremos:

- a) Denominación da Asociación.
- b) Domicilio da Asociación.
- c) Ámbito de actuación.
- d) Fins específicos das actividades universitarias da Asociación.
- e) Dereitos e deberes dos asociados.
- f) Órganos directivos e formas de administración.
- g) Patrimonio fundacional e recursos económicos, de ser o caso, que existiren inicialmente.
- h) Procedemento de adquisición e perda da condición de asociado.
- i) Aplicación que teña que darse ao seu patrimonio en caso de disolución, que, en todo caso, deberá aterse ao que considera a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación.

Artigo 8.

A denominación das Asociacións de Estudantes da Universidade da Coruña así como as súas siglas deberán ser o suficientemente individualizadas como para non induciren a erros a respecto doutras Asociacións de Estudantes rexistradas. Ademais do considerado no capítulo I deste regulamento, non se inscribirán no Rexistro de Asociacións de Estudantes da Coruña aquelas que tiveren denominacións racistas, sexistas, xenófobas, ou que, pola ambigüidade ou a falsidade destas, puideren xerar confusión entre os estudantes. Igualmente, non serán admisibles as denominacións que inclúan expresións contrarias ás leis ou que puideren supor vulneración dos dereitos fundamentais das persoas.

CAPITULO III
DOS DEREITOS E DEBERES DAS ASOCIACIÓNS DE ESTUDANTES DA
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Artigo 9.

As Asociacións de Estudantes recoñecidas pola Universidade da Coruña terán os seguintes dereitos:

1. Participaren, cos límites fixados neste regulamento e en consonancia coa normativa de aplicación da propia universidade, na vida cultural, académica, intelectual, deportiva e orgánica da Universidade da Coruña.
2. Disporen, cos límites fixados no capítulo VI do presente regulamento e en consonancia coa normativa de aplicación da propia universidade, das instalacións e dos equipamentos desta, coa exención de taxas para as actividades sen ánimo de lucro.
3. Concorrerem á convocatoria anual de axudas, segundo o que dispón o capítulo V do presente regulamento.
4. Utilizaren, despois de se inscribir no Rexistro de Asociacións da Universidade, a mención de "*Asociación de Estudantes da Universidade da Coruña*", a continuación da súa propia denominación.
5. Organizar, cos límites fixados neste regulamento e demais normativa de aplicación, cantas actividades foren precisas para o cumprimento dos seus fins estatutarios.

Artigo 10.

As Asociacións de Estudantes recoñecidas pola Universidade da Coruña estarán obrigadas a:

1. Acataren e cumpriren o presente regulamento e todas aquelas obrigas que emanaren da capacidade normativa dos órganos de goberno da Universidade.
2. Desenvolveren as súas actividades con pleno respecto ao ordenamento xurídico.
3. Facilitaren á Vicerreitoría de Estudantes da Universidade da Coruña os informes que esta lles requirir en relación coas axudas e coas subvencións recibidas por parte da Universidade, así como calquera documento que acredite o axeitado desenvolvemento das súas actividades.
4. Faceren un bo uso dos medios e das instalacións que a Universidade pon á súa disposición.

Artigo 11.

A Universidade da Coruña, a través da Vicerreitoría de Estudantes, garantirá a non vulneración dos dereitos das Asociacións.

CAPITULO IV

CREACIÓN E MANTEMENTO DO REXISTRO DE ASOCIACIÓNS DE ESTUDANTES DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Artigo 12.

Como desenvolvemento dos Estatutos da Universidade da Coruña, e ao abeiro do presente regulamento, créase o Rexistro de Asociacións de Estudantes da Universidade da Coruña (RAE-UDC) para os únicos efectos da súa publicidade no ámbito universitario.

Artigo 13.

O RAE-UDC terá as seguintes funcións:

- a) Coñecer, clasificar e inscribir as Asociacións de Estudantes legalmente constituídas existentes no ámbito da Universidade da Coruña.
- b) Certificar e informar sobre todos os feitos contidos nel.
- c) Servir de canle para a concesión de subvencións e de dotacións materiais para o cumprimento dos seus fins, nos casos que for necesario.
- d) Servir de canle de difusión das asociacións inscritas nel.

Artigo 14.

O RAE-UDC dependerá organicamente da Vicerreitoría de Estudantes e os seus asentos de inscrición poderán ser consultados polos membros da comunidade universitaria a través da páxina web da Universidade.

Artigo 15.

Toda Asociación de Estudantes legalmente constituída deberá proceder á súa inscrición no RAE-UDC se desexar ser recoñecida como Asociación de Estudantes da Universidade da Coruña. A inscrición neste Rexistro será requisito imprescindible para optar á concesión de calquera tipo de axuda ou de dotación da Universidade. Poderán inscribirse no RAE-UDC todas aquelas Asociacións legalmente constituídas que cumpriren os requisitos establecidos no presente regulamento.

Artigo 16.

Para a inscrición dunha Asociación no RAE-UDC será necesaria a presentación dos seguintes documentos:

- a) Solicitude de inscrición no RAE-UDC, dirixida á vicerreitora de Estudantes.
- b) Copia do certificado de inscrición no Rexistro de Asociacións competente.
- c) Copia da Acta Fundacional.
- d) Copia dos Estatutos da Asociación.
- e) Composición da Xunta Directiva, onde deberá facilitar a localización dos seus membros, o teléfono e o enderezo de contacto.

Artigo 17.

A inscrición dunha Asociación no RAE-UDC procederá, tras a resolución da vicerreitora de Estudantes, despois da presentación da solicitude de inscrición acompañada dos documentos sinalados e examinado o cumprimento dos requisitos esixidos neste regulamento. Só se denegará a inscrición no caso de a Asociación interesada non cumprir os requisitos establecidos para figurar no Rexistro, e as persoas interesadas poderán recorrer a Resolución perante o Excmo. e Magfo. Sr. Reitor, no prazo dun mes desde a recepción do escrito.

Artigo 18.

En caso de que se observar na tramitación algún erro imputable á persoa interesada, a falta de

documento ou a insuficiencia dalgún deles, requirirase a este para que no prazo de 30 días desde que lle sexa notificado o defecto, poida emendar o erro ou completar a documentación. Despois de realizar isto procederase segundo o que establece o artigo 16.

Artigo 19.

Despois da inscrición dunha Asociación no RAE-UDC, comunicaráselles ás persoas interesadas o número de rexistro que lles correspondeu e archivarase a documentación.

Artigo 20.

Para a permanencia dunha Asociación no RAE-UDC hanse de cumprir os seguintes requisitos:

- a) Manter as condicións esixidas para a súa inclusión no Rexistro.
- b) Presentar á Vicerreitoría de Estudantes, entre o 1 de setembro e o 30 de outubro do ano en curso, unha memoria das actividades realizadas pola Asociación no curso académico anterior, acompañada das evidencias correspondentes.
- c) Actualizar os datos da Asociación, a requirimento da Vicerreitoría de Estudantes, entre o 1 de setembro e o 30 de outubro do ano en curso.
- d) O incumprimento dos requisitos suporá a exclusión ás convocatorias de axudas a programas de actividades estudiantís inmediatas.
- e) A Asociación disporá ata o 1 de setembro do ano seguinte para emendar o incumprimento. De non ser así, será dada de baixa do RAE.

CAPÍTULO V

CONCESIÓN DE SUBVENCIONS E DE AXUDAS ÁS ASOCIACIÓNS DE ESTUDANTES DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Artigo 21.

As Asociacións de Estudantes rexistradas na Universidade da Coruña terán dereito a solicitaren axudas, tanto para subvencionaren as súas actividades, como para as necesidades de material funxible e/ou inventariable que tiveren, na convocatoria ordinaria anual que para tal efecto, e segundo as disponibilidades orzamentarias, fará pública a Vicerreitoría de Estudantes.

Artigo 22.

Na avaliación das solicitudes que se presentaren á convocatoria anual de axudas atenderase a un baremo explícito. Neste baremo, de cara a avaliar a importancia das actividades propostas en función do grao en que permiten alcanzar os obxectivos fixados na convocatoria, teranse en conta os seguintes aspectos:

- a) O carácter continuado e non simplemente ocasional das actividades programadas.
- b) Os resultados obtidos polos promotores en convocatorias anteriores.
- c) A súa capacidade para xeraren procesos de participación.
- d) A viabilidade do proxecto en relación cos recursos materiais e humanos do grupo promotor.
- e) As fontes de financiamento externo solicitadas e/ou concedidas.
- f) O número de estudantes e de centros, potencialmente beneficiarios das actividades propostas.

Artigo 23.

A convocatoria de axudas a programas de actividades estudiantís recollerá explicitamente o baremo e mais a porcentaxe de aplicación de cada criterio establecido no antedito baremo.

Artigo 24.

A resolución da convocatoria anual de axudas recaerá na Comisión de Extensión Universitaria delegada do Consello de Goberno, en que actuará como o seu Presidente a vicerreitora de Estudantes.

Artigo 25.

A resolución será publicada na páxina web da Vicerreitoría de Estudantes e nos taboleiros de anuncios do Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudiante (SAPE). Igualmente, notificaráselle a cada Asociación solicitante o importe da axuda que se lle concédese ou, se for o caso, a causa de denegación debidamente motivada.

Artigo 26.

A aceptación da axuda por parte da Asociación compromete a esta a realizar as actividades programadas. Calquera modificación substancial do programa orixinalmente proposto deberá ser comunicada á Vicerreitoría de Estudantes, onde se solicitará a necesaria autorización para proceder a realízala.

Artigo 27.

O incumprimento dos compromisos adquiridos coas propias bases da convocatoria, dará lugar á suspensión da axuda concedida.

Artigo 28.

Para o seguimento e o control das axudas concedidas, a Comisión de Extensión Universitaria delegada do Consello de Goberno, a través da Vicerreitoría de Estudantes, poderá solicitar ás Asociacións toda a documentación que for necesaria para esta comprobación.

Artigo 29.

Na publicidade das actividades subvencionadas e, de ser o caso, nas publicacións que delas se derivaren, farase constar expresamente a colaboración da Vicerreitoría da Universidade da Coruña.

CAPÍTULO VI CONCESIÓN DE ESPAZOS FÍSICOS ÁS ASOCIACIÓNS DE ESTUDANTES DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Artigo 30.

Só as Asociacións de Estudantes legalmente constituídas e inscritas no RAE-UDC terán dereito a ocupar ou compartir algún dos espazos reservados especificamente para Asociacións nos centros da Universidade, conforme á dispoñibilidade de cada centro. En todo caso, os centros arbitrarán as medidas necesarias para contaren, polo menos, cun local de uso común, suficiente e adecuado, para todas as Asociacións que desenvolvan actividades no centro. A Vicerreitoría de Estudantes velará polo cumprimento do disposto neste artigo.

Artigo 31.

A teor do que dispón o artigo 11.2.f. dos Estatutos da Universidade da Coruña, que especifica como función das facultades e das escolas o promoveren actividades culturais e de extensión universitaria, en cada facultade ou escola, a distribución dos espazos destinados ás Asociacións e as normas de uso destes corresponderá ás oportunas comisións delegadas das Xuntas de Centro, presidida polo/a decano/a ou director/a do centro ou vicedecano/a ou subdirector/a en quen delegar.

Artigo 32.

A concesión dun local ás Asociacións de Estudantes estará sempre condicionada ao cumprimento dos seguintes requisitos:

1. Figuraren inscrita no RAE-UDC.
2. Atérense ao que dispón o presente regulamento.
3. Cumpriren as normas legais e todas aquelas obrigas que emanaren da capacidade normativa dos órganos de goberno da Universidade.

Artigo 33.

Cando se incumpriren os requisitos establecidos no artigo 32 do presente regulamento, as comisións dos centros requirirán explicación ós responsables da Asociación e darán un prazo mínimo de 10 días naturais para xustificar e emendar os posibles incumprimentos; de persistir a situación, poderán revogar os beneficios concedidos a unha Asociación, tras a audiencia aos seus responsables.

Artigo 34.

Para os únicos efectos de conxugar as necesidades académicas, docentes, materiais e persoais da propia universidade e o lugar onde as Asociacións de Estudantes desenvolverán fundamentalmente as súas actividades, estas actividades terán que se comunicar por escrito á Dirección do centro universitario correspondente cunha antelación mínima de quince días antes da súa realización. Non obstante, calquera evento que pola súa propia índole ou polas súas especiais circunstancias non puiden ser anunciado con esa mínima antelación, poderá ser realizado sempre que exista dispoñibilidade de medios materiais e persoais para iso, e poida efectuarse sen grave menoscabo do resto das actividades xa programadas. Este último suposto necesitará, ao igual que no caso anterior, a solicitude por escrito e a autorización nese sentido.

DISPOSICIONS ADICIONÁIS**PRIMEIRA.**

As resolucións que dite a vicerreitora de Estudantes e os/as decanos/as ou directores/as de centros poderán ser recorridas en alzada perante o Excmo. e Magfo. Sr. Reitor da Universidade da Coruña.

SEGUNDA.

En todo o non previsto por este regulamento aplicárase o que dispón a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e, no seu defecto, o Código civil.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA**ÚNICA.**

As Asociacións de Estudantes legalmente constituídas que existan actualmente na Universidade da Coruña deberán adaptarse ao contido deste regulamento no prazo de cinco meses desde a súa entrada en vigor se desexaren ser inscritas no RAE-UDC.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

ÚNICA

O presente regulamento derroga expresamente cantas normas que sobre esta materia ditase con anterioridade a Universidade da Coruña.

DISPOSICIÓN FINAL

ÚNICA

Este regulamento entrará en vigor o día seguinte ao da súa aprobación polo Consello de Goberno da Universidade e será obxecto de publicación na páxina web da Vicerreitoría de Estudantes para xeral coñecemento da comunidade universitaria.